

# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL TRECE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do día vinte e oito de febreiro de dous mil trece reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.- Aprobación se procede das actas dos plenos do día vinte e oito de xaneiro de 2013- O concelleiro Benigno Galego Castro fai a seguinte observación á acta, aclarando que na súa intervención no punto de ampliación de saneamento en Rego da Madeira os 1000 € poderían chegar a 20 metros e non a 420 metros como aparece na acta sen mais observacións dos membros do Pleno a acta considerase aprobada.

2 Toma de posesión do concelleiro Jairo Orjales Sande. En cumprimento do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica de Réxime Electoral, e unha vez presentada a credencial enviada pola Xunta Electoral Central, o concelleiro electo Jairo Orjales Sande proceden a prometer o seu cargo na forma establecida no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril,

3. corrección de erros na redacción do acordo do pleno do día 11.12.2012 sobre a aprobación do "Plan de Obras e Servizos 2013" Trala lectura da moción a alcaldía que se copia deseguido: Cómpre emendar o erro producido na suma total no cadro resumo e na redacción do acordo de aprobación do POS 2013 polo que o artigo 105 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, procede emendar o erro quedando redactado o punto primeiro do acordo do seguinte xeito: "Primeiro" Aprobar o Plan de investimentos Municipais para o ano 2013 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2013 integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica: A continuación de obras

	( ) de orden e * denominación	+importe Total	, stado - *ep. tación	oncello
1º	Camiño cruce do río a Penadobico (Cerdido) e outros	37.897,07 €	36,092,45 €	1.804,62 €
2º	Camiño de Seoane (A Barqueira) e outros	36.867,56 €	35.111,96 €	1.755,60 €
		<b>74.764,63 €</b>	<b>71.204,41 €</b>	<b>3200,22 €</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade do 2013 e que se relacionan nesta táboa.

### 3.4 Financiamento de gastos correntes

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	45.835,65 €
---	-------------

& ' es.mo:

*enominación de obra	,stado - *ep .tación	oncello	"res .posto total
Subtotal de obras	71.204,41	3.560,22€	74.764,63 €
Subtotal gastos correntes	45.835,65 €		45.835,65 €
Total	117.040,06 €	3.560,22 €	120,600,28 €

Cerdido, 15 de xaneiro de 2013. A Alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos concelleiros: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da Sra. Alcaldesa. Catro abstencións dos concelleiros Cándido Eusebio Prieto Lago, Álvaro Rodríguez Graña, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande

! Expediente de contratación da obra de edificación para nave nos Casás. Despois de leer a proposta de resolución da alcaldía que se copia deseguido: Ante a necesidade de levar a cabo as obras de edificación de almacén en Os Casás, segundo proxecto técnico redactado polo Arquitecto Alfredo Varela Nogueira, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de 77.729.18 € e 16.323.13 do IVE, total 94.052.31 € e posto que o anterior expediente de contratación quedou resolto por incumprimento do contratista, xa que non se presentou a acta de comprobación de replánteo e considerando como lexislación aplicable o disposto na Disposición Adicional segunda e o artigo 110 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF), propón o pleno como órgano de contratación o seguinte acordo:

**1.º** Aprobar o contido integro do expediente de contratación da obra nomeada “Edificación para almacén en Os Casás”, cun orzamento de execución por contrata de 94.052.31 IVE incluído.

**2.º** Aprobar o proxecto técnico modificación da obra: Edificación para almacén en Os Casás.

**3.º** Declarar o procedemento negociado sen publicidade por razón da contía para a adxudicación desta obra e tramitación urxente o abeiro do establecido no artigo 225 do TRLCSF.


**4.º** Seranlle aplicables a este contrato os pregos e de prescricións técnicas que figuran no proxecto técnico e os pregos de condicións administrativas tipo aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña para obras incluídas nos planes provinciais por procedemento negociado, publicados no BOP 01/06/2012. Para valorar as ofertas utilizaranse a puntuación establecida no prego tipo para obras con multiplicidade criterios de adxudicación. Anexo IV. Criterios xerais:

**5.º** Aprobar o gasto con cargo á partida 4,622.03 do vixente orzamento municipalista.

**6.º** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade de conformidade ao disposto no artigo 169 do TRLCSF de contratos do sector procede invitar a seguintes empresas no expediente de contratación: 1.- Construcciones Guerreiro S.L. A Garita 15565 As Somozas A Coruña. 2.- DAYLU S.L. Sedes Villallonte nº 33 15596 Narón. 3.- Obras Consolba S.L. Casablanca S. Juan 15563 Moeche.

**7.º** Nomear como técnico-director da expresada obra a Alfredo Varela Nogueira, técnico redactor do proxecto Alfredo Varela Nogueira.

**8.º** Co gallo de axilizar o procedemento, e o abeiro do establecido no artigo 22.2.n e 22.4 da Lei 7/1985 de bases de réxime local, delegar na alcaldía todas as facultades que establece a lei de contratos do sector público ó órgano de contratación. Esta delegación requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente senón se formula ante o Pleno expresa manifestación de non aceptación da delegación no prazo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que sea notificado este acordo, debéndose publicar esta delegación no Boletín Oficial da Provincia, ó abeiro do establecido no artigo 13.3 da Lei 30/1992 de 26 de novembro regulador do réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Delegar Facultar a Sra. Alcaldesa tan amplamente como sexa necesario para a execución de todo o relacionado co presente acordo.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Cerdido, 20 de febreiro de 2013. A alcaldesa Ana Rodríguez Montero Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Cinco votos a favor dos concelleiros: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da Sra. Alcaldesa. Tres votos en contra dos concelleiros Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro, Álvaro Rodríguez Graña. Unha abstención do concelleiro Jairo Orjales Sande

A alcaldesa aclara que a empresa anterior non se presentou no prazo establecido polo que se rescindiu o contrato, polo que é necesario aprobar un novo expediente de contratación polo que se invita as empresas que se presentaron no anterior expediente e que na actualidade están construindo

O concelleiro Benigno Galego Castro non entende porque no acordo non figura a mesa de contratación e cree que Construcciones Freixeiro se presentou fora do prazo establecido e na actualidade esta facendo obras polo que non entende porque non se lle invita. No convenio asinado coa Deputación, establececese que o concello farase cargo dos gastos de redacción de proxecto e de dirección de obra e de coordinación e seguridade polo que pensa que esta obra vai saír moi caro ao Concello. E solicita saber a canto ascenden estes gastos.


A alcaldesa afirma que a redacción do proxecto xa se pagou e que non sabe os datos exactos e que se lle facilitan mais tarde

Control e fiscalización dos primeiros anos da corporación

2. A secretaria lee a relación de decretos seguinte:

( )	*ata	*escrición
*decembro 2012		
236	10/12/2012	Adjudicación do contrato de obra edificación de nave destinada a almacén nos Casás á empresa Seifrán S.L.
237	12/12/2012	Inicio de oficio de expediente de revogación de licenzas de taxi
238	14/12/2012	Extinción do contrato laboral de Pilar Galego Novo tras recibir a declaración da incapacidade permanente en grado total
239	17/12/2012	Mesa de contratación do contrato da xestión da casa de turismo rural e clasificación das ofertas
240	18/12/2012	Autorización a Benigno Galego Castro, en representación do PSdeG-PSOE a usar a casa da cultura o 22 de decembro de 20:00 a 22:00
241	18/12/2012	Autorización de permisos por asuntos persoais aos funcionarios municipais
242	19/12/2012	Convocatoria de sesión extraordinaria do pleno pola necesidade de realizar o contrato da casa de turismo rural
243	27/12/2012	Aprobación de facturas do nº 467 ao nº 518

244	28/12/2012	Clasificación de ofertas do expediente de contratación da obra reparación de saneamento en Regueirolongo, a Barrosa e o Freis e rexeitamento das presentadas fóra de prazo.
245	30/12/2012	Aprobación de facturas do nº 519 ao nº 539
246	31/12/2012	Aprobación das certificacións 3ª e finais de obras de saneamento en Calmourel a Rego da Madeira e outros e da obra Camiño Cruz dos Novás-A Pena- Casavide- estrada xeral e outros
=aneiro 2013		
1	02/01/2013	Autorización á Comisión de festas da Barqueira para usar varios locais de Avispeira do 5 ao 7 de febreiro
2	08/01/2013	Licenza de obra nº 2012/U009/000016 a Martín Mosquera Santalla para construción dun muro en Viladóniga
3	08/01/2013	Autorización a Mª Luisa Martín Teijeiro para usar un local do Castro para festa de aniversario infantil
4	09/01/2013	Autorización á Comisión de festas da Barqueira para usar varios locais de Avispeira do 16 ao 18 de febreiro
5	09/01/2013	Convocatoria da sesión extraordinaria do pleno para tramitar a renuncia dun concelleiro
6	14/01/2013	Convocatoria da sesión extraordinaria do pleno solicitada polos concelleiros do grupo PSdeG-PSOE
7	14/01/2013	Renovación da autorización a AFAES Porta Nova para seguir usando a cociña dos Casás
8	16/01/2013	Autorización a Mª Carmen Vilasuso Fernández para usar un local do Castro para festa de aniversario infantil
9	17/01/2013	Alta no padrón municipal de habitantes en Riba de abaixo, 4
10	21/01/2013	Autorización a Comunidade de usuarios de Avispeira para usar un local da casa da cultura o 17 de febreiro para xuntanza de socios
11	21/01/2013	Autorización a Arumes para usar un local do Castro os martes e xoves para ensaios da coral
12	22/01/2013	Recoñecemento dos complementos de produtividade aos funcionarios e de antigüidade a persoal laboral e funcionario
=aneiro 2013		
13	24/01/2013	Autorización a Comisión de festas dos Casás para realizar unha xuntanza o día 16 de marzo en Campo da Igrexa
14	28/01/2013	Aprobación do padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de recollida de lixo
15	28/01/2013	Inscripción da Asociación Cultural “Artelladas” no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 12
16	29/01/2013	Aprobación do expediente de incorporación de remanentes
17	29/01/2013	Adxudicación do contrato de obra de Reparación do saneamento en Regueirolongo, Barrosa e Freis e reparación de pluviais da Barrosa ao Freis á empresa Villasuso Ortegál S.L.
18	30/01/2013	Licenza de obra nº 2010/006/000030 a Jorge González Aneiros para reparación de parede e tellado en Porto
19	31/01/2013	Alta no padrón municipal de habitantes en Noval, 4
Febreiro 2013		



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

20	01/02/2013	Aprobación de facturas do nº 1 ao nº 21
21	01/02/2013	Autorización de cambio de titular da licenza de apertura e funcionamento de café-bar en Felgasas
22	04/02/2013	Incoación do procedemento do contrato de execución da edificación da obra destinada a almacén nos Casás
23	04/02/2013	Devolución de aval nº 9340.03.1192472-37 a Vilasuso S.L. Por obra de acceso a Campos
24	05/02/2013	Alta no padrón municipal de habitantes en Casaldegonce, 1
25	06/02/2013	Autorización a Asociación “Albar Quercus” para usar a casa da cultura para xunta xeral
26	06/02/2013	Admisión a trámite da reclamación presentada por Victoria Martínez Galego e inicio do expediente de responsabilidade patrimonial
27	07/02/2013	Solicitude de participación na convocatoria de subvencións da Deputación da Coruña no programa de servizos sociais
28	07/02/2013	Licenza de obra nº 2012/U009/000020 a Natividad Caneiro Carrodegas para reparación de cheminea en Lubeira
29	07/02/2013	Licenza de obra nº 2012/U009/000023 a Juan Benigno Martínez Villadóniga para reparación de danos de fontanería e albanelería en Lubeira
30	07/02/2013	Licenza de obra nº 2012/U009/000013 a Mª Ángeles Novo Mouriz para substitución de cubrición en Felgasas de Abaixo
31	11/02/2013	Solicitude de participación na convocatoria de subvencións da Deputación da Coruña no programa de promoción económica
32	11/02/2013	Licenza de obra nº 2012/U008/000004 a Victoriano Fraguera Fernández para cambio de cubrición nos Castros
33	13/02/2013	Resolución do contrato para execución das obras de edificación de nave para almacén nos Casás
34	13/02/2013	Solicitude de participación na convocatoria de subvencións da Deputación da Coruña no programa de cultura e deporte
35	13/02/2013	Autorización a Comisión de festas da Barqueira para usar as mesas e as sillas do concello os días 16 e 17 de febreiro
36	14/02/2013	Autorización da substitución de turismo a Mª Teresa Corral Vilela, como titular de licenza de auto taxi
37	14/02/2013	Acordo da devolución da aval nº 00306044550001098211 por obras en Camiño Covelo-Mestas- Santa Lucía
38	14/02/2013	Acordo da devolución da aval por obras de abastecemento de auga en Rocha, Carballeiro e outros
39	15/02/2013	Autorización a Promacer para usar un local da casa da cultura para xunta de socios o 2 de marzo de 2013
40	18/02/2013	Aprobación do padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de axuda no fogar do cuarto trimestre de 2012
41	18/02/2013	Alta no padrón municipal de habitantes en Cabanas, 8

42	19/02/2013	Autorización a Cándido E. Prieto Lago, en representación do grupo do PSdeG-PSOE para usar a casa da cultura o 23 de febreiro para reunión con Deputadas e veciños.
43	20/03/2013	Convocatoria de pleno ordinario

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita aclaración dos seguintes decretos:

Núm. 12: O complemento de produtividade dos funcionarios corresponde a este ano ou o pasado. A alcaldesa afirma que é o deste ano .

Núm. 16: Que cantidade resulta do expediente de incorporación de remanentes? A alcaldesa constátalle que non o sabe

Núm. 26: A que corresponde este expediente de responsabilidade patrimonial? Existe algún problema con este expediente ? A alcaldesa afirma que se trata dunha reclamación pola rotura dun dente na piscina e que se lle deu traslado ao seguro que contestou por escrito, afirmando que non existe negligencia do socorrista e neste momento estase a estudar .

Núm. 27: Que se solicitou na subvención de servizos sociais ? A alcaldesa aclara que se solicitaron os programas de todos os anos

Núm. 31: Que se solicitou na subvención de promoción económica ? A alcaldesa afirma que se pretende dotar de calefacción a escola de Avispeira cun sistema de pellets para poder aforrar en gastos de mantemento, así tamén solicitouse a modificación das portas para que poidan ser abertas para fora .


Núm. 34. Que se solicitou na subvención de deporte e cultura ? A alcaldesa contéstalle que nesta subvención solicitouse o aireado do campo de fútbol intervindo o concelleiro de cultura e deportes e aclarando que o que propoñen os técnicos e o taqueado do campo cada dous anos , para poder xogar un partido á semana, pero neste campo xogase mais polo que o ideal sería que tiveramos un campo de fútbol artificial . O concelleiro Benigno Galego Castro, propón que se realice unha renovación total do céspede ó final da temporada porque senón sería tirar os cartos

O concelleiro Cándido Prieto Lago solicita aclaración dos seguintes decretos:

Núm. 21: A que establecemento se refire ? A alcaldesa afirma que se trata de o bar Queira que pasa a nome da filla da actual propietaria

Núm. 237: Vaise realizar unha reordenación do taxi en Galicia , sábese algo ? A alcaldesa afirma que non sabe nada e que na actualidade hai dous licenzas operativas .

0.-\*ar conta do informe sobre o c.mprimento do pra#o previsto de pa5o das obri5acións o abeiro da lei 12>2010. c.arto trimestre de 2012 . Ledo o informe que se copia a continuación: (ormativa aplicable%-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

-Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) - consideracións, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe: O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas, ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta o establecer que: O prazo de trinta días a que se refire o apartado 4 do artigo 216 desta Lei, aplicarase a partir do 1 de xaneiro2013.(..)Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

+++.- Antecedentes administrativos% Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/10/2012 e 31/12/2012 (cuarto trimestre do 2012) se obtén a seguinte información:

1 4act . ras o . doc . mentos x . stiificativos pa5ados no trimestre

"a5os reali#ados no trimestre	"eríodo medio pa5o ?" 8 "k ?díask	"eríodo medio pa5o excedido ?" 8 " , k ?díask	"a5os ' eali#ados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	11\$02	0	12@	// .20@\$@@	0	0\$00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	11,05	0	128	// .20@\$@@	0	0,00
20- Arrendamentos e Canons	28	0	1	95,59	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	14,51	0	32	13.047,94	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	10,32	0	95	64.125,35	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
+nversións reais	!\$/	0	13	11A.203\$23	0	0\$00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	4,7		13	119	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00


O. tros "a5os reali#ados por operacións comerciais	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0,00	0	0,00
Sin desa5re5ar	0	0	0\$00	0	0\$00
Aplicados a presuposto	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0,00	0	vv
<b>Total</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>

2 )ntereses de demora pa5ados no período% (in5Bn .Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: (in5.nCa. 3 4act.ras o. doc.mentos x.sti#icativos pendentes de pa5amento ao 6inal do trimestre. (artigo 4º. 3 Lei 15/2010).

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	"eríodo medio pendente de pa5o ?" 8 ""& ?díask	"eríodo medio de pa5o excedido ?" 8 " , & ?díask	"a5os ' eali#ados ao 6inal do Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	1\$A3	0	1A	22 / // \$A!	0	0\$00
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	2,57	0	4	4.592,20	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	1,77	0	15	18.185,74	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
+nversións reais	0\$A@	0	!	!@!00\$2/	0	0\$00
O. tros "a5os reali#ados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
<b>Total</b>	<b>2\$30</b>	<b>0</b>	<b>23</b>	<b>/1.23@\$21</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

4 )4act.ras o. doc.mentos x.sti#icativos con respecto aos cales\$ ao 6inal do trimestre\$ transcorreron m7is de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4 Lei 15/2010): (in5.nCa. É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a trinta de xaneiro de dous mil trece .O tesoreiro. A secretaria -interventora . Daniel Rodríguez Fraguela . Paula Díaz Tie . Os concelleiros





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

déronse por enterados

/ 8 opcións de 9 rexencia . ( on se prod . xeron

@ ' o5os e "re5 . ntas.

O concelleiro Jairo Orjales Sande fai a seguintes preguntas e rogos á Alcaldía:

1 O servizo de mantemento da iluminación pública ven dando problemas xa que non se amañan as averías? A alcaldesa afirma que non últimos días houbo problemas en Rego da Madeira e Susloureiros e segundo aclarou a empresa os cadros eléctricos foron manipulados .

2 Solicita que as subvención que se solicitan pasen polo pleno para saber o que se solicita ou para poder facer algunha suxestión.

3 Seria positivo que se realizase unha enquisa entre os veciños a cerca dos cursos de formación que se poden dar, para poder saber as necesidades reais da xente .

O concelleiro Beniño Galestro fai as seguintes preguntas á Alcaldía:

1 A empresa que leva o mantemento da iluminación pública ten problemas económicos e leva mais de seis meses sen pagar o salario aos seus traballadores, e a xente queixase do servizo xa que hai averías que duran mais dunha semanas . A alcaldesa aclara que se esta traballando na realización dun novo prego de condicións para poder sacar a licitación o contrato de mantemento .

2 Houbo unha solicitude o día 9 de agosto deste ano dun veciño que se quere dar de alta en invernadoiros e aínda no ten contestación, o veciño pregunta todas as semanas e lle din que esta para a semana e entende que con unha simple declaración responsable podería iniciar a actividade . A alcaldesa afirma que non sabe nada do tema e que se vai a enterar e que pode ser que se trasapelara polas vacacións e porque hai moito traballo

3 A solicitude presentada o día 18 de decembro de 2012 polo noso grupo, solicitando copia de documentación aínda non foi contestada, non recibimos copia do convenio de colaboración con Moeche polo tema da auga, nin as certificacións dos parques infantís , nin as copias das modificacións das obras, no caso que non as houbera debería contestarnos que non hai esta documentación. A alcaldesa afirma que se pretende contestar .

4 A Deputación publicou o seu programa de obras e servizos, sen que se inclúa as obras no cruce

de o Carballeiro polo que se solicita se aclare se é competencia da Deputación ou do Concello .

5 Como vai o bacheo das pistas, ? A alcaldesa contéstalle que se realizaron bacheos en Susloureiros pero que hai que esperar a que mellore o tempo porque coas baixas temperaturas non se pode traballar .

6 Que se pensa facer na pista de Viladóniga, xa que ven a terra a baixo ?a Alcaldesa afirma que choveu moito e o terraplén ven abaixo e que hai que esperar o bo tempo para solucionalo .

7 Cerdido esta incluído no plan de FEGAMP, sobre reclamacións as compañías eléctricas en que sentido ? A alcaldesa aclara que presentou unha queixa porque as compañías eléctricas presentan facturas por duplicado e que faio moi difícil para o persoal do concello fiscalizalas .

8 A que empresa se lle ten contrato o servizo de alta e baixa de traballadores laborais , e como é o prezo cun mínimo e un máximo . A alcaldesa aclara que este servizo o realiza unha xestoría de Cedeira, e que xa estaba antes de que ela chegar a ser alcaldesa e que consultará o prezo .

9 Trala consulta das facturas detectamos que hai dúas facturas nun mesmo ano do seguro do camión do lixo a que se debe ? Poderíase unificar nunha soa compañía todos os seguros para que sexan mais baratos? Poderíase realizar unha convocatoria pública para abaratar custes? A alcaldesa afirma que mirará estas facturas para saber a causa e que existen varias compañías porque as primas que ofrecen son mais baratas e entón cámbiase de compañía.

10 No pleno do día trinta de agosto falábase do custe das obras do campo de fútbol polo que solicito ver a factura.


11 No expediente en relación o camiño dos Casás, publicouse no BOP a anuncio ? A alcaldesa explica que aínda non se publicou nada, que hai moito traballo e que continuamente están pedidos informes e datos a administración autonómica e central con pouco prazo polo que é necesario priorizar o traballo .

12 Respecto os peóns contratados pola Deputación, houbo unha comunicación por escrito nomeando o xefe de grupo, non se pode nomear a un xefe de equipo e retribuílo como peón, a Administración pública debe respetar os convenios laborais ? A alcaldesa aclara que a Deputación nomeou a un coordinador, e foi el que nomeou o xefe de equipo, o persoal foi contratado pola Deputación e o Concello non ten nada que ver . Non chegou por escrito a este concello nada sobre o nomeamento do xefe de grupo .

13 A piscina esta raxada o medio, que se vai a facer ? A alcaldesa explica que se están solicitando presupostos e hai que mirar como se vai a facer e conseguir os cartos .

O concelleiro **7ndido "rieto Da5o** fai as seguintes preguntas .

Hai varios plenos tratouse o tema do desfibrilador , como esta o tema ?, A Deputación de Pontevedra financiou a adquisición dun desfibrilador para cada campo de fútbol da provincia ? A alcaldesa explica que consultou o tema co médico e con diferentes persoas e que o problema é que quen utilice o desfibrilador debe estar preparado e formado especificamente .



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O convenio de servizos sociais coa Deputación ten como prazo final marzo 2013, que se vai a facer ? A alcaldesa pensa que se fará un novo convenio, pero que segundo a ultima reforma os servizos sociais serán competencia das comunidades autónomas, por agora estase a espera .

Solicita que se amañe a pista que vai por atrás do Polideportivo xa que esta en moi mal estado .

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu remata a sesión sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e oito de febreiro de 2013. Do que eu como secretaria dou fe:

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie